



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PRÓXIMA

A
P
O
R
T
A
A
B
E
R
T
A

ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO DO VIXÍA - A CORUÑA

INFORME FINAL



Fagamos o Camiño do Vixía

Proceso participativo para mellorar as rúas de Monte Alto

Concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda
Concello da Coruña

Xuño de 2017

**ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO DO
VIXÍA - A CORUÑA**

Fagamos o Camiño do Vixía

Proceso participativo para mellorar as rúas de Monte Alto

Informe final

Concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda
Concello da Coruña – Xuño de 2017

Deseño e coordinación

Verónica Martínez Vázquez
Mateus Porto Schettino

Facilitación

Martín Vázquez Añel

Colaboración

Alejandro Rodríguez González
Lourdes Vázquez Vidal

Índice

1.	ANTECEDENTES.....	7
2.	METODOLOXÍA E OBXECTIVOS.....	8
3.	PÚBLICO PARTICIPANTE.....	10
4.	PROCESO PARTICIPATIVO: Fagamos o Camiño do Vixía	11
4.1.	FORO DE PARTICIPACIÓN: Entremos a falar do Camiño	12
4.2.	ROTEIRO CREATIVO: Saíamos a pasear	16
4.3.	ACTIVIDADES NOS COLES: Aquí os nenos pintamos, e moito.....	18
4.4.	FORO DE PARTICIPACIÓN: Refagamos o Camiño	21
4.5.	OBRADOIRO PEONIL: Recuperemos o Camiño	24
4.6.	FORO DE PARTICIPACIÓN: Contemos o Camiño.....	32
4.7.	PRAZUAS E RUAZAS.....	35
5.	CONCLUSIÓN.....	37
5.1.	O TRAZADO DO CAMIÑO E A MEMORIA COLECTIVA.....	37
5.2.	PARTICIPACIÓN	37
5.3.	DIAGNÓSTICO: Auditoría Peonil	38
5.4.	PRIORIDADES	42
5.5.	PROPOSTAS: Alternativas de Deseño e Urbanización	42
5.6.	APRENDIZAXES E PRÓXIMOS PASOS	46
	ANEXO I. DESEÑO DE MATERIAIS E RECURSOS EMPREGADOS	48
	ANEXO II. MATERIAL RESULTADO OBRADOIROS.....	56
	ANEXO III. DEBUXOS FINALISTAS DO CONCURSO	63
	ANEXO IV. REPERCUSIÓN EN PRENSA.....	79

1. ANTECEDENTES

Este estudo encádrase dentro do proceso para a mellora do espazo público de Monte Alto, promovido pola Concellería de Rexeneración Urbana da Coruña.

A iniciativa de adecuar as rúas mellorando a accesibilidade peonil e a calidade estancial toma forma nun traxecto concreto, central e vertebrador do barrio. Ao conxunto de rúas e espazos que forman este traxecto déuselle o nome de Camiño do Vixía:

Séculos antes de que a cidade cubrise o solo de Monte Alto (aínda antes de que militares e ilustrados proxectasen estradas, cuarteis, baluartes ou cemiterios nesta península), as diferentes sendas agrarias, partindo todas elas do Campo da Leña, buscaron con acerto o xeito máis doado de ascender polo monte.

Pola intelixente interpretación da topografía destaca sobre as demais o camiño que deu orixe á estrada, hoxe Rúa da Torre. Esta dá inicio a un percorrido que busca o dorsal da península, descubrindo unha serie de pequenas mesetas que suavizan o traxecto de ascenso. Dito camiño remataba no Vixía de Monte Alto.




Plano histórico co trazado do Camiño do Vixía

O trazado da senda apóiase nos seguintes treitos de rúas e espazos:

Dende a Rúa da Torre, atravesa a parte superior do Campo de Marte e a Av. de Hércules, para coller Vereas da Polvoreira e continuar pola rúas Marola, Suevia e Vía Ártabra. A partir de aí atravesa a Rolda de Monte Alto para tomar a Rúa Pedro Galán Calvete, para adentrarse no Parque Carlos Casares e ematar acometendo á traseira do Antigo Cárcere¹.

¹ Extracto da Memoria do Proxecto *O Camiño do Vixía*, redactado polos Servizos Técnicos da Concellería de Rexeneración Urbana do Concello da Coruña, Xulio de 2016.



Trazado do Camiño sobre planimetría actual, elaborado polos servizos técnicos do Concello

Actualmente o Camiño do Vixía presenta unha preponderancia do tráfico motorizado individual sobre a circulación de persoas andando, en bicicleta ou no transporte público. A hexemonía do automóbil privado ao longo do Camiño, tamén resta calidade ambiental e impide o desenvolvemento doutras actividades sociais que teñen na rúa seu lugar por excelencia, como son o encontro e as relacións interpersoais, a conversa, o xogo ou a estancia contemplativa.

Co fin de reverter esa situación, os servizos técnicos do Concello asumen a tarefa de redactar proxectos de urbanización que reordenen a superficie da sección viaria en cada un dos treitos do Camiño do Vixía, modulando de forma conveniente a convivencia entre os diferentes modos de mobilidade e actividades estanciais.


Este tipo de mellora do espazo debe atender a aspectos técnicos e ambientais, pero tamén sociais e políticos. Para o éxito da iniciativa e o alcance do seu obxectivo primordial, que é mellorar a calidade de vida da poboación, é fundamental contar coa implicación da veciñanza.

2. METODOLOXÍA E OBXECTIVOS

Para recompilar a información relativa aos conflitos entre diferentes medios de mobilidade, centrados nos usos peonís e estanciais das rúas, optouse pola realización dun proceso de participación cidadá, que permitise coñecer de primeira man a situación das rúas de Monte Alto.

O obxectivo principal consiste na recollida e análise colectiva de información para formular, entre os participantes no proceso, alternativas para a mellora da accesibilidade peonil no ámbito.


O método de traballo empregado parte da memoria colectiva e o recoñecemento de lugares singulares e cotiáns na cartografía do barrio, pasa por unha auditoría do itinerario e a priorización de intervencións e lugares, e finaliza con propostas colectivas de deseño urbano para a mellora dos ámbitos considerados prioritarios.



Esquema metodolóxico

Estes pasos metodolóxicos desenvóléronse a través de tres tipos de actividades:

- Foros de debate e charlas con veciñas e veciños de Monte Alto.
 - Paseo crítico polas rúas que conforman o Camiño do Vixía e Obradoiros creativos.
- Reunións co equipo político e técnico do Concello responsable do proxecto



Ciclo de actividades

No presente informe descríbense o desenvolvemento e os principais resultados destes encontros, así como a análise realizada polo equipo técnico a cargo da súa coordinación.

O proceso participativo formulouse cos seguintes obxectivos:

- Promover o intercambio de ideas e información sobre o estado e uso do espazo público no barrio.
- Traballar coa memoria colectiva do barrio fomentando a interacción e o sentimento de pertenza e apropiación do espazo polas veciñas e veciños.
- Concienciar sobre o potencial de mellora da calidade de vida relacionada cos hábitos de mobilidade máis saudables e cun espazo público máis habitable e equitativo.
- Presentar e someter a discusión coas veciñas e veciños de Monte Alto as primeiras ideas do Concello para a mellora do espazo público do barrio.
- Formular propostas consensuadas para a mellora da mobilidade a pé e a habitabilidade para estar nas rúas.

3. PÚBLICO PARTICIPANTE

Cómpre sinalar neste punto o carácter aberto de todas as actividades participativas enmarcadas no proceso do Camiño do Vixía. Como xa se mencionara previamente, o obxectivo principal deste proceso era dar conta da diversidade de opinións, ideas e propostas destinadas á mellora do espazo público e da mobilidade do barrio de Monte Alto.


Con este obxectivo en mente, dende un primeiro momento se contactou coa totalidade de entidades asociativas identificadas no distrito postal 15002 (Asociacións veciñais, de comerciantes e hostalería, culturais, de carácter social, deportivas e xuvenís, etc.) así coma con outras que teñen relación directa coa mobilidade ou accesibilidade (GRUMICO, Stop Accidentes, etc.) e cos centros educativos no ámbito de influencia directa do Camiño do Vixía: o CEIP Curros Enríquez; o CEIP Sanjurjo de Carricarte; e o CEIP Víctor López Seoane.

Este contacto fíxose tanto por correo electrónico (informando da celebración dos sucesivos encontros), chamadas telefónicas (fundamentalmente como recordatorios) e de visitas coas que se procuraba a creación dun clima de confianza, implicación e cooperación, especialmente para o caso dos centros educativos, identificados como axentes clave dentro do proceso. Merece destacarse a colaboración dos equipos directivos dos CEIP Sanjurjo de Carricarte e Víctor López Seoane, sen os que gran parte das accións deste proceso non terían sido posibles. Preséntanse a continuación os datos de participación nas diferentes actividades do proceso dende un punto de vista fundamentalmente cuantitativo:

Actividade	Participantes	Homes	Mulleres	Persoas adultas	Nenas e nenos
1º Foro	22	16	6	22	-
Obradoiro Roteiro	30	16	14	25	5
2º Foro	20	9	11	20	3
Obradoiro Deseño	22	10	12	19	3
3º Foro	42	12	30	26	16
Total %	100%	46%	54%	82%	20%

Táboa síntese de participantes por actividades

O roteiro tivo un carácter máis discontinuo no referido a participación, xa que algunhas persoas participaron soamente nalgúns treitos do mesmo. Os datos presentados corresponden ao momento de máxima participación.



4. PROCESO PARTICIPATIVO: Fagamos o Camiño do Vixía

O proceso participativo comezou no mes de novembro de 2016, cun encontro para achegar a Concellería á veciñanza, xerando un espazo de comunicación directo e multidireccional entre todas e todos. Nos meses de xaneiro e febreiro de 2016 tiveron lugar as restantes actividades coas veciñas e veciños do barrio, orientadas ao fomento da participación e a exploración de ideas para a transformación do espazo público.

Ao longo de 22 semanas, as actividades realizadas foran:

- 1º FORO DE PARTICIPACIÓN: Entremos a falar do Camiño
25 de novembro de 2016
- ROTEIRO CREATIVO: Saíamos a pasear
26 de novembro de 2016
- ACTIVIDADES NOS COLES: Aquí os nenos pintamos, e moito
Decembro 2016 - Xaneiro 2017
- 2º FORO DE PARTICIPACIÓN: Refagamos o Camiño
13 de xaneiro de 2017
- OBRADOIRO PEONIL: Recuperemos o Camiño
15 de xaneiro de 2017
- 3º FORO DE PARTICIPACIÓN: Contemos o Camiño
24 de febreiro de 2017

Todo o proceso, así como os principais resultados foron recompilados en documentos sintéticos e de fácil comprensión dispoñibles na web do Concello para dar difusión e continuidade na discusión en Monte Alto e na cidade.

4.1. FORO DE PARTICIPACIÓN: Entremos a falar do Camiño

O venres 25 de novembro de 2016, das 19:00 ás 21:00h, no CEIP Sanjurjo de Carricarte celebrouse o primeiro Foro Cidadán do Camiño do Vixía: *Entremos a falar do Camiño*. Estiveron presentes os concelleiros Xiao Varela e Dani Grandío, os técnicos, o equipo dinamizador do proceso e veciñas e veciños de idades e colectivos diferentes. A participación foi de 22 persoas (16 homes e 6 mulleres

Esta primeira sesión realizouse seguindo o programa previsto, co lanzamento e presentación do proceso ás asociacións, plataformas e colectivos de veciñas e veciños de Monte Alto e da cidade, seguido dun debate sobre as primeiras actuacións planeadas, cun exercicio cruzado de diferentes puntos de vista sobre as rúas de Monte Alto



Programa da sesión

1. Benvida a participantes

Benvida e agradecementos: *Que persoas? Por que estamos aquí? Que imos facer hoxe?*

2. Presentación do Proxecto

O Camiño do Vixía na estratexia de rexeneración urbana de proximidade.

3. Presentación do Proceso Participativo

Explicación breve do proceso: programa de actividades, lugares e datas.

4. Mesas de traballo

En grupos e sobre planos, recoñecemento dos espazos e posibilidades de mellora.

5. Posta en común e peche da sesión

Exposición do resultado do traballo en grupo

F ormáronse catro grupos de traballo, de cinco ou seis persoas, con representantes dos diversos colectivos presentes (comerciantes, nenas e nenos, maiores, mobilidade reducida, ...).


Despois de recoñecer e familiarizarse co lugar sobre planos do barrio (onde vivimos) e identificando algúns elementos singulares, históricos e naturais que perduran no trazado urbano, reflexionamos *sobre como é e que pensamos do lugar*, que cousas nos gustan (lugares bonitos, divertidos, agradables marcados en verde no plano) e que non (lugares feos, perigosos ou desagradables en vermello) ao longo do Camiño.

NA RÚA DA TORRE OS COCHES VAN MOI PRETO DA BEIRARRÚA DAS ATOCHAS.

E A OUTRA É MOI ESTREITA.

ESTREITÍÍÍÍÍSSIMA!

E É PERIGOSA POLA CANTIDADE DE TRÁFICO QUE TEN.



Outros lugares sinalados durante o traballo foron: o Paseo Marítimo (a partir da Rúa Curros Enríquez o tráfico decae; na de Santa Teresa sobran semáforos; falta un paso peonil no cruce coa Rúa Salvador Somoza, entre os edificios de Facenda e o Eusebio da Garda), a Avenida de Hércules (no Mercado de Monte Alto fórmase atasco cando coinciden varios autobuses), o Campo de Artillería (é un espazo moi agradable pero precisa de mellora; non hai acceso a rúa inferior sen ter que usar escaleiras; as papeleiras están mal colocadas, dificultando os desprazamentos e faltan beirarrúas e pasos de peóns).

Os lugares identificados como “que nos gustan (verdes)” foron:

“Gústannos os parques e prazas. Están un pouco deixadas mais son as que hai. O Campo da Leña é bo para comprar e ir de viños. Tamén o acceso as praias e o Paseo Marítimo son puntos fortes.” O cemiterio dos Mouros, o parque diante do Cemiterio de San Amaro, a casa onde naceu Luís Suárez (xogador de fútbol), o Campo de Marte, a Domus, o Acuario, a Praia das Lapas, o Centro Cívico, a Praza Indalecio Prieto, os xogos infantís no Parque Carlos Casares, o Paseo Marítimo, o Campo de Artillería, o parque da Avenida de Navarra, campos e contorna da Torre de Hércules, o Parque Carlos Casares e as hortas, o Campo da Leña (como punto de encontro), a piscina de San Amaro, a Praia do Matadoiro, o Centro Social A Comuna e os Campos de fútbol da Torre.

Os identificados como “lugares que non nos gustan (vermellos)” foron:


O último tramo da Rúa da Torre (onde non se pode pasar a pé); o Campo de Marte (falta iluminación, zonas inseguras polas noites pola xente que hai); a praza do Mercado de Monte Alto (abandonada e desaproveitada, chan lamentable e as cúpulas acollen delincuencia); o cruce da Av. de Hércules e Ramón del Cueto; o cruce da Rúa da Torre con Marconi; a glorieta

do Campo da Leña; o tramo da Av. de Hércules diante do Mercado, con paradas de buses e taxis apertadas; a Rúa San Roque (falta acceso adecuado ó Campo da Leña); a costa de Durmideiras (rúa Regata Cutty Sark); o aparcamento da Torre (*sempre ocupado con moitas autocaravanas*); o Paseo dos Menhires (problemas coa circulación dos coches que van á Cidade Deportiva); a Rúa de Doutor Ferrant (problemas de xiro dos buses escolares); a Rúa Alcalde Sanjurjo (parada bus); o aparcamento do centro 3º grao e FP Monte Alto; as cocheiras do tranvía infrautilizadas (posible uso coma aparcadoiro); a pendente das rúas que saen da Av. de Hércules e do Paseo Marítimo (lado Leste da península); as pendentes transversais das beirarrúas mal solucionadas; as saídas e entradas do CEIP Sanjurjo de Carricarte; poucas árbores no primeiro treito da rúa Beiramar; o cruce das rúas Marconi e Mondoñedo (*é unha praza desaproveitada*); a circulación da bicicleta está cortada en diversos puntos por preferencia dos automóviles, como na glorieta da Torre; a rúa Marola porque é moi estreita, pasan moitos nenos e os coches van moi rápido.

Así, en xeral, gustan as prazas, parques, a contorna natural e os equipamentos públicos. Non gustan os espazos duros no “interior” do barrio, as rúas, cruces e aparcadoiros.

 Lugares que gustan. Agradables, bonitos, seguros...	 Lugares que non nos gustan. Desagradables, feos, perigosos...
Paseo Marítimo Praia do Matadoiro Praia das Lapas Cemiterio dos Mouros Parque do Cemiterio de San Amaro Parque Carlos Casares Parque Avenida de Navarra Entorno da Torre de Hércules Campos de fútbol da Torre Piscina de San Amaro Hortas Campo de Artillería Campo da Leña Campo de Marte Praza Indalecio Prieto Acuario Domus Centro Cívico Centro Social A Comuna Casa de Luís Suárez	Av. de Hércules diante do Mercado Paseo dos Menhires Rúa da Torre Rúa de Doutor Ferrant Rúa Alcalde Sanjurjo Rúa Beiramar Rúa Marola Rúa San Roque Cruce Av. de Hércules e Ramón del Cueto Cruce Rúa da Torre con Marconi Cruce Rúa Marconi co Mondoñedo Rotonda da Torre Rotonda do Campo da Leña Aparcamento do Centro 3º grado e FP Aparcamento da Torre Accesos CEIP Sanjurjo de Carricarte Campo de Marte Cocheiras Costa de Durmideiras Praza do Mercado de Monte Alto

Táboa síntese da valoración de lugares do barrio.



Plano síntese da valoración de lugares do barrio.

4.2. ROTEIRO CREATIVO: Saíamos a pasear

No sábado 26 de novembro de 2016 pola mañá, de 11 a 14:00, fixemos un *paseo creativo* polas rúas do *Camiño do Vixía*, a modo de sesión de diagnóstico colectivo. Nun percorrido dinámico, establecéronse unhas regras para clarificar os retos e avanzar nas súas posibles repostas de maneira colaborada: Como é esta rúa e por que? Como podería ser si...?

Programa da sesión

1. Benvida aos participantes

Saída do Campo de Marte, fronte ao CEIP Curros Enríquez: descrición do itinerario e as paradas a realizar, indicando as cuestións nas que nos imos fixar.

2. Paseo

Percorremos as rúas do barrio avaliando en cada lugar a calidade do espazo público, as razóns da situación actual e as posibles melloras.

3. Peche no Vixía

Subimos ao *Monte do Vixía* para merendar e comentar os resultados do paseo

Saíndo do Campo de Marte pasamos polo de Artillería e o da Leña, para comezar o Camiño ata chegar ao Vixía de Monte Alto. Fixemos paradas nos cruces da Rúa da Torre con Curros Enríquez; Avenida de Hércules con Vereá da Polvoreira e nas interseccións desta coas rúas do Carme e Sto. Tomás, Igualmente fixéronse paradas nos accesos aos equipamentos do percorrido, ata chegar ao punto máis alto do barrio: o depósito de auga.





Plano do percorrido e paradas do roteiro

Resultados



A participación no roteiro tivo un carácter discontinuo, xa que algunhas persoas participaron soamente nalgúns treitos. O momento de máxima participación xuntou 25 persoas (13 homes - 12 mulleres).

O resultado foi un mapeado colectivo de lugares de interese do camiño, así como os principais problemas para a mobilidade a pé.

1. Rúa da Torre (entre Campo da Leña e Rúa de Atocha Alta)
 - Os coches van moi preto da beirarrúa das Atochas e a oposta resulta moi estreita.
 - Perigosa pola cantidade de tráfico que ten e alto número de transeúntes .
 - Difícil camiñar.
 - Estreitísima. Hai que eliminar aparcamentos e ampliar beirarrúas.

2. Rúas da Torre e Curros Enríquez (entre Rúa Marconi e Campo de Marte) – Praza e parada Bus
 - Como unha illa.
 - Faltan pasos de peóns.
 - Na Rúa Curros Enríquez o paso de peóns non coincide co vao.
 - Punto de encontro da xente maior.
 - Moito ruído.
 - Faltan árbores e bancos.
 - Levar aparcadoiro de bicis á calzada.
3. Cruce Avenida de Hércules, Verea da Polvoreira e Rúa Ramón del Cueto (entre Campo de Marte e entrada Centro Cívico)
 - Cruce conflictivo por falta de visibilidade.
 - Inadecuada disposición e secuencia dos pasos de peóns.
4. Verea da Polvoreira (entre Rúas Antonio Santiago e San Fernando)
 - Cruce conflictivo por falta de visibilidade.
 - Zona de despropósito xeneralizado.
 - Falta de espazo verde.
5. Verea da Polvoreira (entre Rúas San Fernando e Santo Tomás)
 - Illotes desaproveitados.
 - Rúas usadas como aparcadoiros.
 - Beirarrúa sen continuidade e estreita.
6. Rúa Marola (entre Rúas Doutor Ferrant e Santa Cecilia) – Praza
 - Con tramos moi estreitos, os coches pasan e golpean cos espellos os peóns.
 - Beirarrúas moi estreitas, habendo moito paso de nenos.
7. Cruce entre Rúas Suevia, Colón e Ártabra - acceso ao CEIP Víctor López Seoane
 - Dificultade nas entradas e saídas ao colexio
 - Necesidade de humanización do espazo
8. Rúa Ártabra- Rolda de Monte Alto – Escaleiras
9. Travesía Colón e Rúa Vixía (entrada á Igrexa de San Xosé)
10. Rúa Alcade Sanjurjo (entre Rúa Washington e Praza San Xosé) – acceso ao CEIP Sanjurjo de Carricarte e a Igrexa de San Xosé



4.3. ACTIVIDADES NOS COLES: Aquí os nenos pintamos, e moito

Durante os meses de xaneiro e febreiro de 2017 propúxose facer en tres colexios do barrio (CEIP Sanjurjo de Carricarte, CEIP Víctor López Seoane e CEIP Curros Enríquez) o Concurso de debuxos e relatos para o Camiño do Vixía, cos obxectivos de:

- Difundir o Proxecto e involucrar á cidadanía na construción do Camiño do Vixía.
- Traballar coa memoria colectiva do barrio recuperando a figura e o lugar do Vixía de Monte Alto.

- Fomentar a interacción entre xeracións e o sentimento de pertenza e apropiación das rúas polas veciñas e veciños.
- Reflexionar sobre hábitos de mobilidade saudable e segura nos desprazamentos cotiáns e a importancia da redución do uso do vehículo particular.
- Recoller e promover o intercambio de ideas sobre o espazo público no barrio, atendendo á perspectiva infantil.



Calendario

9 de Xaneiro - Lanzamento do concurso.


Ata 20 de Xaneiro - Realización e selección de traballos nos coles.

Ata 27 de Xaneiro entrega dos traballos polos coles ao Equipo de Coordinación.

De 27 de Xaneiro a 12 de Febreiro – Valoración do Xurado.

De 3 a 28 de Febreiro - Exposición no Centro Cívico de Monte Alto.

24 de Febreiro - Entrega de premios



Os debuxos e relatos tiñan que ser orixinais sobre como é o Camiño ao colexio e como lles gustaría que fose ás nenas e nenos que debuxaron e escribiron de forma libre, no folio aportado polo colexio.

Os traballos entregáronse ás profesoras nas aulas e na clase as alumnas e alumnos elixiron mediante votación tres debuxos ou relatos para representar á clase no Concurso.

As profesoras e profesores entregaron á Dirección do centro todos os traballos elaborados, indicando os seleccionados para ser valorados polo Xurado externo, designado polo Concello, que decidiu o alumnado gañador nas distintas categorías. O xurado estivo formado por un artista gráfico, unha educadora de cada cole e un membro do equipo técnico.


Para o desenvolvemento da actividade preparáronse os seguintes documentos: Carta ás familias, Guía de profesores, Fichas debuxos e relatos, Bases do Concurso e Ficha de avaliación para o xurado (ver Anexo I).

Resultados

Participaron no concurso estudantes de 3º a 6º, con debuxos 3º e 4º e con relatos 5º e 6º, dos CEIP Víctor López Seoane e Sanjurjo de Carricarte.

Centro	CEIP Sanjurjo de Carricarte		
Curso	Alumnado total	Nenas	Nenos
3º	24	11	13
4º	21	13	8
5º	22	13	9
6º	23	14	9
Total	90		

Centro	CEIP Víctor López Seoane		
Curso	Alumnado total	Nenas	Nenos
3ºA	21	11	10
3ºB	21	8	13
4ºA	20	14	6
4ºB	20	13	7
5º	24	12	12
6º	25	12	13
Total	131		



Outorgáronse oito premios e todos os seleccionados en cada clase recibiron un diploma e participaron na exposición no Centro Cívico de Monte Alto. Os traballos premiados nas distintas categorías recibirán premios e a entrega tivo lugar no Centro Cívico o día 24 de febreiro de 2017, coincidindo co 3º Foro Cidadán do Proceso Participativo do Camiño do Vixía.

4.4. FORO DE PARTICIPACIÓN: Refagamos o Camiño

O venres 13 de Xaneiro, das 18:00 ás 21:00h no Centro Cívico de Monte Alto celebrouse o segundo Foro Cidadán do Camiño do Vixía: *Refagamos o camiño*. Comezou coa posta en común dos avances do proceso e o intercambio de puntos de vista sobre os espazos públicos de Monte Alto.

A participación neste 2º Foro foi de 20 persoas (8 homes e 12 mulleres). A sesión desenvolveuse seguindo o programa previsto.

Programa da sesión

Presentouse o resultado do 1º Foro, o mapeado colectivo feito no primeiro paseo e formáronse catro mesas de traballo que contaron co apoio dunha ficha para determinar o nivel de prioridade de actuación (baixa, media e alta) xustificada con criterios consensuados entre o grupo. A determinación do nivel de prioridade tiña seu desencadeamento na pregunta *Por que é mellor comezar por aquí?* O obxectivo era reflexionar sobre os dez ámbitos de actuación identificados no 1º Foro (tramos de rúa ou pequenas prazas) e como recuperalos para a estancia e mellorar a accesibilidade ao espazo público e os equipamentos.





- | | |
|--|---|
| 1. Rúa da Torre (entre Campo da Leña e Rúa de Atocha Alta) - Treito de rúa | 6. Cruce rúas Marola, Doutor Ferrant e Suevia – Praza |
| 2. Cruce rúas da Torre e Curros Enríquez– acceso a Campo de Marte, parada Bus | 7. Cruce rúas Suevia, Colón e Ártabra - acceso ao CEIP Víctor López Seoane |
| 3. Cruce Avda. de Hércules, Vereda do Polvorín e Ramón del Cueto – acceso a Campo de Marte e Centro Cívico | 8. Cruce rúas Ártabra e Rolda de Monte Alto – Escaleiras |
| 4. Cruce rúas Vereda do Polvorín, Carmen e Lúa – Praza | 9. Cruce Travesía Colón e rúa Vixía – acceso a Igrexa de San Xosé e ... |
| 5. Cruce rúas Vereda do Polvorín, Areal e Santo Tomas – Praza | 10. Rúa Alcade Sanjurjo (entre Washington e Praza San Xosé) – acceso a CEIP Sanjurjo de Carricarte e a Igrexa de San Xosé |



Plano de ámbitos de actuación identificados nos traballos anteriores.

Resultados

Cada grupo expuxo a súa orde de prioridades que conxuntamente determinarían os lugares de traballo no obradoiro do día seguinte, e que quedaron ordenados de maior a menor prioridade:

1. Rúa da Torre (entre Campo da Leña e Rúa de Atocha Alta)
2. Rúa Alcade Sanjurjo (entre Washington e Praza San Xosé)
3. Cruce das rúas da Torre e Curros Enríquez
4. Cruce rúas Suevia, Colón e Ártabra - acceso ao CEIP Víctor López Seoane
5. Cruce da Avda. de Hércules, Vereira da Polvoreira e Ramón del Cueto
6. Cruce rúas Ártabra e Rolda de Monte Alto – Escaleiras
7. Cruce rúas Vereira da Polvoreira, Areal e Santo Tomas
8. Cruce rúas Vereira da Polvoreira, Carmen e Lúa
9. Cruce Travesía Colón e rúa Vixía – acceso ao Vixía
10. Cruce rúas Marola, Doutor Ferrant e Suevia

Todas as fichas de “prioridade” nos ámbitos de actuación resultado do traballo en grupo pódense ver no anexo II deste documento.



Plano dos ámbitos de actuación por orde de prioridade segundo participantes



Recompiláronse as xustificacións de todos os grupos, destacando con prioridade alta en todos o da Rúa da Torre porque: “é unha conexión entre zonas (eixo central) con beirarrúas estreitas e moitísimo tráfico rodado e peonil. Unha zona comercial e escolar con moitas barreiras arquitectónicas e que ten unha alta densidade de tráfico peonil”. Ademais “é o acceso principal e de saída” do barrio de Monte Alto.

No cruce coa rúa Curros Enríquez enténdese que o “problema non é tan grave porque depende da solución completa da Rúa da Torre”. Pero propónse “recuperar a praza, peonalizar a rúa Curros Enríquez e dar dobre sentido á rúa Ramón del Cueto”. Este espazo tamén “é un nodo de mobilidade mixta, de intercambio modal”.

AMBITOS	PRIORIDADE			XUSTIFICATIVA
	baixa	media	alta	
1. Rúa da Torre			X	DEUSIDORE TRÁFICO PEONIL Rúa da Torre peonil do Campodaleña até Campo Marte
2. Cruce rúas da Torre e Curros Enríquez - Praza e parada Bus		X		NUDO MOVILIDADE MIXTA
3. Cruce Av. Hércules, Vereda do Polvorín e Ramón del Cueto		X		REDUCCION DRÁSTICA DO USO DE VEHÍCULOS ZONA MOI TRANSITADA A PÉ
4. Cruce rúas Vereda do Polvorín, Carmen e Lúa		X		ACTUACIÓN ECONÓMICA TREITO PEONIL (BAIXA INTENSIDADE TRÁFICO BIDADO ACTUAL)
5. Cruce rúas Vereda do Polvorín, Areal e Santo Tomas		X		TREITO PEONIL (IDEM ANTERIOR)
6. Cruce rúas Marola, Doutor Ferrant e Suevia		X		FEALDARE EXTREMA - ESTREITO E MOI TRANSITADA POR PEONS
7. Cruce rúas Suevia, Colón e Artabra - acceso CEIP Víctor López Seoane			X	PRIORIZA O USO DOS COLEXIOS. ACTUACIÓN SINXELA E LOW COST
8. Cruce rúas Artabra e Rolda de Monte Alto - Escaleiras		X		POCO USO - E UN ROMAL
9. Cruce Travesía Colón e rúa Vixia - acceso a Vixia			X	FINAL DO CAMIÑO. FOMENTAR CAMIÑO (SIMBOLICO) (SUBXECTIVO)
10. Rúa Alcade Sanjurjo - acceso CEIP Sanjurjo de Carricarte			X	ACTUACIÓN SINXELA E DE PROTECCIÓN OS MENOS

Ficha resultado do traballo en grupo para sinalar e xustificar a prioridade baixa, media ou alta de actuación nos ámbitos (ver Anexo II)

Tamén destacaron na presentación as contornas escolares (entradas e saídas dos colexios) como zonas prioritarias de actuación, para reforzar a “seguridade e lecer da poboación infantil e protexer os máis débiles e disuadir a utilización de coches”. Nos colexios Sanjurjo de Carricarte e o Víctor López Seoane “non pode chegar o bus escolar á porta do cole. Os nenos acceden por unha escaleira e costa arriba (barreiras) que melloraría cunha pequena intervención diante do muro do colexio, na curva, para facilitar as manobras dos buses escolares e logo usala como zona de lecer para a xente”. Ademais “faltan ramplas e a actuación podería ser sinxela, low-cost e de protección aos nenos”. Este lugar (escaleiras da rúa Artabra) tamén ten “importancia como acceso doado ás posibles prazas de aparcamento na rúa Monte Alto”.

Dos restantes espazos motivo de valoración detalláronse características actuais e posibles intervencións, como “eliminar o quiosco vello e facer praza porque só é aparcamento”, “fealdade extrema” do espazo, “estreito e moi transitado a pé”, “punto neurálxico do transporte urbano”, “exceso de asfalto”, “final do Camiño. Fomento do uso simbólico e subxectivo do camiño” e o “único acceso peonil a un espazo semipechado”

4.5. OBRADOIRO PEONIL: Recuperemos o Camiño

O sábado 14 de Xaneiro, pola mañá, no Centro Cívico de Monte Alto, tras unha breve charla sobre criterios de urbanización favorables ao peón e baseándonos no diagnóstico resultante das primeiras actividades, entre todas pensamos, deseñamos e intercambiamos solucións de mellora para os lugares seleccionados e priorizados no día anterior.

A participación neste Obradoiro foi de 22 persoas (9 homes e 13 mulleres) que aplicaron solucións de mellora en lugares concretos para conformar un itinerario peonil accesible,

segundo a análise e o traballo en grupo evidenciaba os principais problemas, en cada unha das zonas de intervención priorizadas.

Programa da sesión

1. Benvida aos participantes

Benvida e agradecementos: *Que persoas? Porque estamos aquí? Que imos facer hoxe?.*

2. Presentación: Criterios e ferramentas de deseño para a rexeneración do espazo público

- Como reflexionar sobre o noso espazo público, nosas beirarrúas e cruces. Vocabulario e exemplos básicos. Como obter máis espazo e melloras nas rúas.
- Exemplos inspiradores de pequenos proxectos de mellora do espazo público (itinerario peonil a unha escola pública, substitución dunha pasarela peonil inaccesible, creación dun novo espazo de estancia peonil, ampliación das fases de verde peonil en semáforos, etc.)
- Ferramentas para propostas de mellora das rúas e prazas de Monte Alto

3. Traballo en grupos: Deseño colectivo de propostas de mellora para os lugares seleccionados


4. Posta en Común

Presentación dos proxectos realizados por cada grupo e debate sobre as propostas resultantes.



Cada grupo (de un mínimo de tres e un máximo de seis persoas), analizou e propuxo sobre unha zona á actuación necesaria reflexionando sobre ese espazo, avaliando os problemas, as oportunidades e alternativas.

A forma de traballar foi libre, propúxose o emprego de ferramentas xa dominadas polas persoas participantes e as aportadas polo equipo de facilitadores para o traballo con planos, como unha lenda para facer a diagnose e as propostas:



En canto os adultos falaron e traballaron, as nenas e nenos xogaron, debuxaron e falaban sobre o que lles gusta e o que non dos camiños diarios aos colexios polas rúas de Monte Alto, facendo un mural-collage que despois presentaron ao público adulto.




Resultados

Conformáronse cinco grupos que traballaron nos espazos identificados como prioritarios no Camiño. Os participantes analizaron e avaliaron os problemas e as oportunidades de actuación, para logo formalizar unha proposta que foi compartida con todo o grupo. A continuación sintetízanse as principais ideas da diagnose e proposta para cada un dos lugares traballados.

1. Rúa da Torre (entre Campo da Leña e Rúa de Atocha Alta)

Diagnose: Ao longo de toda a rúa, e en case todas as rúas do entorno, as beirarrúas son estreitas e con multitude de obstáculos. Falta permeabilidade peonil en todo o ámbito, e principalmente na glorieta-rotonda do Campo da Leña; acceso á area verde e aos centros educativos. Hai aparcadoiro ilegal, especialmente nas horas de saída e entrada do colexio.



Proposta: Limitar o aparcamento e aumentar as beirarrúas, plantación de vexetación e bancos ao longo da rúa. Sinalizar e limitar este ámbito como Zona 30. Restringir as calzadas aos radios de xiro “reais” dos automóviles. Sinalizar e limitar novas prazas de aparcamento reservadas para mobilidade reducida. Nova zona peonil na glorieta, con xogos, paneis informativos, mobiliario e vexetación.



2. Cruce das rúas da Torre e Curros Enríquez

Diagnose: Frecuente aparcamento ilegal de coches en dobre fila fronte a farmacia (cruce rúa Andrés Antelo). Falta de permeabilidade peonil en todo o ámbito que fai “obrigatorios” os cruces pouco seguros das persoas “fora de sitio”. Beirarrúa estreita na saída da Escola Municipal de Música.



Proposta: Plataforma única (en todo o ámbito sinalado en verde) con cambio de pavimento para mellorar a accesibilidade, garantindo a seguridade con énfase nas persoas invidentes. Trasladar a parada de taxis á beirarrúa par da Rúa da Torre. Sinalización do ámbito como área residencial. Reforma e ampliación da parada de bus, reducindo a calzada sobredimensionada neste tramo. Mover o expendedor de bicicletas públicas da entrada ao Campo Marte para a zona de aparcamento da beirarrúa par da Rúa da Torre. Intervención de Arte urbana. Eliminar dúas prazas de aparcamento para aumentar o ancho da beirarrúa no acceso a Escola Municipal de Música. Plantación de árbores e nova vexetación.

3. Cruce rúas Vereá da Polvoreira, Areal e Santo Tomas

Diagnose: Frecuente aparcamento ilegal de coches en illotes, falta de permeabilidade peonil, beirarrúas estreitas e o antigo quiosco en estado de abandono. Zona axardinada inaccesible, desaproveitada e ocupada por armarios de instalacións. Gran potencial para praza local e de acceso ao transporte público.




Proposta: Conformar como plataforma única o espazo, con plantación de novo arborado e mobiliario (contedores de lixo, aparcabicis, fonte e bancos).

Treito da Rúa Santo Tomas en plataforma única e con prioridade peonil. Ampliación de beirarrúa en Vereia da Polvoreira e peonalización da Rúa Marola.


Restringir o estacionamento, aumentar a reserva de prazas para persoas con mobilidade reducida.
Sinalizar a área como Zona 30.

4. Rúa Alcade Sanjurjo (entre rúa Washington e Praza San Xosé)

Diagnose: Beirarrúas estreitas. Acceso limitado ao centro escolar e deficiente convivencia de vehículos e persoas. Infraestruturas descoidadas. Aparcamento ilegal arredor do acceso ao centro educativo e instalacións do entorno. Falla de pasos de peóns e continuidade dos percorridos.




Proposta: Limitar o acceso de vehículos na entrada do centro educativo. Facer unha plataforma única e “humanizar” con árbores e bancos. Deseño dunha nova zona de embarque e desembarque de nenos/os que permita reducir a velocidade dos coches. Habilitar aparcabici e aparcamento de mobilidade reducida na entrada do colexio. Habilitación de novos pasos de peóns para mellorar a permeabilidade e a continuidade de percorridos. Ampliación da anchura das beirarrúas, reducindo a calzada na rúa Alcalde Sanjurjo de Carricarte.




5. Cruce rúas Suevia, Colón e Ártabra - acceso ao CEIP Víctor López Seoane

Diagnose: Beirarrúas moi estreitas ou inexistentes (na rúa Vía Ártabra). Colectores de lixo no medio, converténdose en obstáculos. Dificultade de acceso e manobra do bus escolar polas rúas Suevia e Colón. Aparcamento ilegal no acceso ao colexio e nas rúas Pérez Quevedo e Colón. O acceso á Rolda de Monte Alto pola Rúa Vía Ártabra vese limitado a unhas escaleiras en mal estado.



Proposta: Restricción de aparcamento e circulación na rúa Vía Ártabra, so autorizada a residentes (garaxes) e completa na rúa Pérez Quevedo. Instalación de ascensor entre Vía Ártabra e Rolda de Monte Alto. Plataforma única no cruce de rúas e acondicionamento a modo de “praza” de acceso ao colexio, con árbores e mobiliario. Traslado do aparcabicis á porta do colexio e recolocar os colectores de lixo. Permitir o paso ao Vixía pola rúa que chega a Escola Infantil.



4.6. FORO DE PARTICIPACIÓN: Contemos o Camiño



A sesión representou o peche do proceso. Inauguramos a exposición de debuxos, repasamos as actividades realizadas, compartimos os resultados e pensamos sobre como seguir. Mentres adultos debatían, nenos e nenas elaboraban bandeiras de sinalización náutica para xuntos escribir e sinalizar o "Camiño do Vixía".

A participación neste terceiro e último foro foi de 41 persoas: 26 adultas (7 homes e 19 mulleres) e

en torno a 15 nenas e nenos.

Programa da sesión

1. Benvida a participantes

Benvida e agradecementos: *Que persoas? Porque estamos aquí? Que imos facer hoxe?*

2. Posta en común e debate dos resultados do proceso

Reflexión sobre todo o feito e dito ao longo do proceso. Quen participou? Que percepción teñen do barrio? Como poden ser as rúas que conforman o Camiño do Vixía...?

3. Exposición e entrega de premios do concurso de debuxos nos colexios

Acto de entrega dos premios a nenas e nenos autores dos mellores debuxos sobre *como é e como lles gustaría que fora o camiño ao cole en Monte Alto*.

3. Como seguir

Reflexionaremos sobre como dar continuidade ao proceso. O colectivo *Sen Ánimo de Nome* que tíñase achegado ao proceso, presenta unha proposta.

5. Peche da sesión

O Camiño do Vixía na estratexia de rexeneración urbana de proximidade. Aprendizaxes e próximos pasos.



Como exemplo dos próximos pasos a seguir, o colectivo *Sen ánimo de nome* aproveitou a ocasión para presentar as súas propostas de arte urbano e murais para as paredes ao longo do itinerario.

E como peche da sesión, fíxose a entrega de premios do concurso de debuxos para a que invitamos a representantes de diferentes entidades (asociacións de veciños, xubilados, CEIPs, Concello...).



Resultados

Como peche do Foro de Participación "Contemos o Camiño", proporcionouse ás persoas asistentes a posibilidade de facer unha breve valoración tanto desta última sesión, coma do proceso no seu conxunto. Para tal fin, deseñouse un sinxelo cuestionario de avaliación, que pode ser consultado nos Anexos a este informe. Este cuestionario non debe ser considerado en ningún caso unha ferramenta de avaliación global do proceso, senón unha aproximación ao grao de satisfacción achegado polas persoas asistentes a este último encontro, así como ao carácter puntual ou continuo da participación, e a percepción da utilidade do mesmo.

En primeiro lugar cabe mencionar que das 26 pésoas adultas que interviron no Foro de Participación "Contemos o Camiño", soamente 21 cumprimentaron o cuestionario. Deste total, 14 eran mulleres e 7 homes, de idades comprendidas entre os 31 e os 86 anos e cunha media de 47 anos. Aproximadamente, a metade das asistentes declararon formar parte dalgunha entidade ou colectivo, e entre os mencionados figuran as asociacións de veciños e veciñas do barrio, ANPAS, asociacións culturais (A Comuna, Sen ánimo de nome), ou outras especificamente relacionadas coa mobilidade ou a sostenibilidade (Marea da Mobilidade; Zocaminhoca).

A continuación, ante a pregunta "Gustouche participar no encontro de hoxe?", preséntase unha escala de avaliación tipo Likert formada por pictogramas con cinco graos de resposta, representando dende "Nada" (1 punto) a "Moito" (5 puntos). A valoración xeral é moi satisfactoria, cun valor medio de 4,65 puntos. Preguntadas polos motivos destas valoracións, as persoas participantes destacaron, entre outras cuestións, a importancia de contar coas nenas e nenos do barrio para descubrir novas ideas que poidan ser empregadas para o deseño participativo do barrio, así como a alta participación nesta última sesión, coa presenza de persoas que non tiñan asistido ás anteriores sesións.

FAGAMOS O CAMIÑO DO VIXÍA
"CONTAMOS O CAMIÑO"
Cuestionario de avaliación do proceso

1. Gustoche participar no encontro de hoxe?

2. Se queres, escribe por que:

3. Participaches nalguna das actividades previas do proceso?

	SI	NON
25/11/16 1º Foro "Entremos a falar do Camiño"	☐	☐
26/11/16 Roteiro creativo "Salomos a pasear"	☐	☐
12/01/17 2º Foro "Refagamos o Camiño"	☐	☐
14/01/17 Obradoiro peonil "Recuperemos o Camiño"	☐	☐

4. Pareceche útil este proceso?

5. Se queres, escribe por que:

6. Xa para rematar, formas parte dalgunha entidade ou colectivo?

	SI	NON
	☐	☐

Se e así, de cal? _____

Indica a continuación o teu ano de nacemento: _____

E con que xénero te identificas?

	Home	Muller
	☐	☐

 **MOITAS GRAZAS!**

Esta apreciación confírmase coa resposta á seguinte pregunta, que trataba de dar conta do carácter puntual ou continuo da participación nas diferentes actividades do proceso. Deste xeito, unicamente catro das 21 persoas que responderon ao cuestionario asistiron ás cinco actividades desenvolvidas dentro do proceso do Camiño do Vixía. No outro extremo, ata 10 persoas declararon que a súa asistencia a este terceiro foro era o seu primeiro contacto co proceso. Así, a resposta á pregunta "Participaches nalguna das actividades previas do proceso" amosa a descontinuidade da participación; a excepción dun grupo de persoas interesadas e organizadas en torno á cuestión da mobilidade e a defensa do espazo público de calidade, que formaron parte de todas as actividades do mesmo, a participación no proceso foi descontinua.

Xa para rematar, preguntábase pola valoración xeral do proceso, empregando a mesma escala mencionada previamente. Na resposta cómpre considerar que a participación activa das asistentes foi máis limitada neste encontro (xa que as protagonistas foron as nenas e nenos premiados pola súa participación no concurso de debuxo "Aquí @s nen@s pintamos, e moito!"). A iso é necesario engadir o carácter puntual da participación de moitas das asistentes, para entender que as valoracións recollidas nesta pregunta non poden considerarse valoracións do conxunto do proceso, senón máis ben achegas complementarias ao proceso de avaliación. En todo caso, a puntuación media das respostas á pregunta "Pareceche útil este proceso?" é de 4,5 puntos.

Como complemento a esta valoración numérica, varias persoas fixeron unha achega sobre o porqué da súa valoración. As cuestións valoradas positivamente son as que fan referencia á participación no proceso coma oportunidade de obter unha información completa das posibilidades de intervención no barrio, e de escoitar as opinións e as voces doutras veciñas e veciños. Pola contra, o número de persoas participantes en relación á poboación total do barrio considérase insuficiente e pouco representativo, e expónse como unha das principais cuestións a mellorar.

4.7. PRAZUAS E RUAZAS

Propúxose a inauguración e celebración dunha acción temporal durante o Entroido 2017 nun espazo circulatorio ou de aparcamento, consistente na súa recuperación con actividades estanciais, de xogo e desfrute (tomando o Park(ing) Day coma referencia) no tramo da Rúa da Torre que vai dende a Travesía da Torre ata o cruce coa Rúa Curros Enríquez, incluíndo a zona de carga e descarga, as paradas de autobús e taxis, e o acceso ao Campo de Marte.



Propúñase a presentación da Acción e o deseño do espazo durante o 3º Foro do Proceso, o venres 24 de febreiro, e súa construción e inauguración, no sábado 25 de febreiro, previndo espazos para o xogo, *Peatonenas* e outras actividades durante o Entroido (concertos, choqueiros...) con clausura e peche o mércores de cinza, 1 de marzo.

Contabilizáronse e programáronse algunhas accións previas para a súa posta en marcha:

- Traslado da parada de taxis (5 prazas) á beirarrúa par da rúa da Torre (do nº 56 ao 66 con 8 prazas de aparcamento) e zona de carga e descarga (3 prazas) á beirarrúa impar da rúa da Torre (do nº 35 ao 51).
- Restrición temporal do estacionamento en: 7 prazas na beirarrúa par da rúa Curros Enríquez (ata o nº2, acceso ao Campo de Marte), 8 prazas na beirarrúa par da rúa da Torre (do nº 56 ao 66), 11 prazas na beirarrúa impar da rúa da Torre (do nº 35 ao 51).
- Corte do acceso rodado á parada de taxis
- Acondicionamento do espazo con vexetación, mobiliario e pintura no chan.





Consultouse por correo electrónico aos participantes dos anteriores Obradoiros sobre as actividades a realizar no espazo. Con todo, finalmente non se executou a Acción Peonil. Aínda que foi ben recibida polos técnicos do Concello, decidiuse adiala para contar con máis tempo e recursos.



Planos preparatorios da acción temporal

5. CONCLUSIONES

5.1. O TRAZADO DO CAMIÑO E A MEMORIA COLECTIVA

Os Vixías instaláronse en Monte Alto finais do século XIX, cando foi establecida en España a obrigatoriedade da utilización do servizo de prácticos para entrar ou saír dos portos. Foi nesa época cando os vixías se trasladaron a Monte Alto dende o Monte de San Pedro e convertéronse en auxiliares dos prácticos do porto, avisándolles con antelación da chegada das embarcacións. A casa do vixía de Monte Alto instalouse nas estribacións elevadas e solitarias mirando ao mar e que hoxe nos recorda a rúa do Vixía. Contaban con anteollos cun alcance de visión dunhas 25 millas e un teléfono.

A historia do Vixía de Monte Alto e o seu Camiño mostrouse como unha idea con capacidade para xerar na veciñanza identidade e interese pola mellora das rúas de Monte Alto. As persoas con máis experiencia mostráronse emocionadas e orgullosas ao relatar e explicar o contexto social e as actividades desenvolvidas no seu día a día no Camiño do Vixía, así como as características e transformacións das rúas e espazos públicos do barrio. Xa os máis pequenos, as nenas e nenos do barrio, manifestaron curiosidade e interese en coñecer a historia, así como por transmitir a súa percepción e desexos para as rúas do barrio de maneira lúdica e imaxinativa.

